

A península ibérica entre os séculos VIII e XI

Lubna de Córdoba.
Escriba e tradutora

O ambiente de prosperidade cultural que vivimos na Córdoba califal do século X d. C. reflíctese na diversidade de coñecementos que atesoura a Gran Biblioteca Real da que son conservadora. Nela convivo a diario con volumes, obras e tratados de filosofía, astronomía, matemáticas ou medicina, entre outras materias. O meu nome é Lubna de Córdoba e ademais de organizar e velar polos fondos da biblioteca, desempeño labores de escriba, dedicándome a copiar e traducir as obras das grandes mentes do meu tempo. Aquí paso moitas horas e neste ámbito tamén puiden desenvolver as miñas composicións poéticas, que son moi apreciadas polas persoas da miña época.

Grazas ao esforzo e ao traballo conseguín ocupar este posto na Biblioteca Real e tamén fun nomeada secretaria persoal de Alhakén II. O desenvolvemento deste frutífero período cultural que se viviu en al-Ándalus, foi

impulsado tras a proclamación como califa de Abderramán III no ano 929 d. C. e continuou co seu sucesor Alhakén II. Para comprender mellor que aconteceu na península ibérica entre os séculos VIII e XI vas coñecer:

- A que se denomina al-Ándalus. O islam na península ibérica.
- A organización política e económica de al-Ándalus.
- A sociedade e a vida cotiá en al-Ándalus. Diversidade social e educación.
- A cultura e a arte califais.
- Os núcleos de resistencia cristiáns e a súa organización.
- A arte dos núcleos cristiáns nos séculos IX e X. O Camiño de Santiago e a arte peninsular.
- Galicia durante esta época.

PREGUNTAS Y RESPUESTAS

- 1 Que funcións desempeñaba Lubna na Gran Biblioteca Real de Córdoba?
- 2 Baixo o mandato de que califas do século X a cidade de Córdoba viviu un grande esplendor cultural?

- 3  **Comprobamos.** Resolve as cuestións formuladas en cada un dos apartados da páxina da dereita. Para iso, podes consultar a información contida na unidade.

1 Al-Ándalus. O islam na península ibérica

1.1 A conquista musulmá da Península

No ano 711, unha reducida tropa de árabes e bérberes cruzou o estreito de Xibraltar ao mando de Tariq, lugartenente de Muza, o gobernador musulmán do norte de África. A súa intención era realizar un saqueo. Pero a doada derrota do rei visigodo Rodrigo na batalla de **Guadalete** (711) animounos a proseguir o seu avance cara ao norte.

A **ocupación da Península** foi rápida e sen apenas resistencia. As causas foron a superioridade militar musulmá; os conflitos internos dos visigodos; e o apoio prestado aos invasores por grupos descontentos, como os xudeus ou os nobres visigodos, que se renderon a cambio de manter as súas propiedades.

O avance musulmán detívose nas zonas montañosas do norte, onde xurdiron algúns núcleos de resistencia cristiá, e os musulmáns foron rexeitados polos ástures na batalla de **Covadonga** (722). Desde a península ibérica, lanzaron ataques ao sur de Francia, ata ser derrotados polos francos na batalla de **Poitiers** (732). Tras ela, repregáronse ao sur dos Pireneos.

Os musulmáns chamáronlle al-Ándalus ao territorio peninsular conquistado. Inicialmente organizárono como un emirato, ou provincia dependente política e relixiosamente do califato omeia de Damasco, cuxa capital se estableceu en Córdoba.

1.2 A evolución de al-Ándalus ata 1031

O emirato independente (756-929)

No ano 755, chegou á Península o príncipe omeia Abderramán I fuxindo do destronamento e matanza da súa familia polos abasís. Tras derrotar o emir de al-Ándalus, proclamouse emir independente en 756. Este título implicaba a súa independencia política dos califas abasís de Bagdad, aínda que seguiu recoñecendo a súa autoridade relixiosa.

Nesta época al-Ándalus sufriu numerosos **conflitos**. Os cristiáns do norte tomaron Zamora. Os francos conquistaron Girona e Barcelona e crearon a Marca

O espazo xeopolítico (711-929)

A conquista (711-716)



O emirato independente (756-929)



AVANZA EN COMPETENCIAS

Manexar imaxes

- 1 Explica a diferenza entre un emirato, un emirato independente e un califato.

Utilizar textos escritos Liña do tempo

- 2 Coa información do texto, realiza estas tarefas:
 - a) Organiza nun eixe cronolóxico básico a evolución histórica de al-Ándalus entre 711 e 1031. Debe incluír as etapas e os acontecementos máis destacados.
 - b) Calcula a duración de cada etapa.

O espazo xeopolítico (929-1086)

«... decidimos que se nos chame co título de Príncipe dos Crentes, e que nas cartas, tanto as que expidamos coma as que recibamos, se nos dea ese título, posto que todo o que o usa, fóra de nós, aprópiase del indebidamente, é un intruso nel, e arrógase unha denominación que non merece».

Fragmento da carta enviada por Abderramán III aos gobernadores das provincias autoproclamándose califa.

Hispánica, unha provincia fronteiriza ao sur dos Pireneos. Por último, tamén se sublevaron os muladíes ou conversos ao islam, que se sentían discriminados pola minoría árabe.

O califato de Córdoba e os reinos de taifas (929-1031)

No ano 929, **Abderramán III** rompeu a dependencia relixiosa de Bagdad e proclamouse califa ou «Príncipe dos Crentes». Con el iniciouse o período de maior esplendor político e cultural de al-Ándalus. Abderramán III reorganizou o exército, rematou coas sublevacións interiores e realizou expedicións de castigo contra os estados cristiáns peninsulares, aos que obrigou a pagar tributos. Nesta época, Córdoba converteuse na principal cidade de Occidente.

Alhakén II continuou o florecemento cultural. O seu sucesor, **Hixen II**, delegou o goberno en **Almanzor**, un caudillo militar que chegou a saquear Barcelona e Santiago. Pero á súa morte, en 1002, o califato entrou nunha grave crise política ante a falta de autoridade dos califas.


O califato mantívose oficialmente ata 1031. Nesta data, os gobernadores das provincias declaráronse independentes, e o califato desintegrouse en vinte e oito pequenas **taifas** ou reinos independentes que subsistiron ata 1086.

Traballar con mapas

3 Fíxate nos mapas e responde:

- Ata onde se estendía o dominio musulmán no ano 732?
- Que conquistas realizaron Tariq e Muza ata o ano 714?
- Por que foi tan rápida a conquista musulmá?
- Que territorios recuperaran os cristiáns no século x?
- Escrebe os itinerarios que seguiu Almanzor para os saqueos de Santiago e de Barcelona.

O califato (929-1031)



Os reinos de taifas en 1031



A organización política e económica de al-Ándalus

2.1 O goberno e a administración

O **goberno** de al-Ándalus estivo en mans de emires e califas que concentraban todo o poder político, dirixían a administración, a política exterior e o exército, e administraban xustiza. Os califas exerceron tamén o poder relixioso.

Ambos os dous axudáronse de **funcionarios**, entre os que destacaron o **hachib**, ou primeiro ministro, que controlaba a administración e as finanzas, e os **visires**, que aconsellaban ao emir ou ao califa nun consello denominado **maswar**.

A **administración** do territorio organizouse en provincias ou **coras**, que constaban dunha capital e dun territorio circundante. En cada unha delas había un gobernador ou **valí**, e xuíces ou **cadís**.

O control do territorio completábase co cobramento de impostos, que eran máis altos para os non musulmáns; e cun poderoso exército formado en gran parte por mercenarios.

2.2 A economía andalusí

As actividades agrarias

A **agricultura**, como en todo o imperio islámico, foi a base da economía de al-Ándalus.


- Nas **terras de secano** cultivábanse produtos tradicionais do medio mediterráneo, como cereais, vide e oliveira.
- Nas **terras de regadío** obtivéronse produtos de horta e introducíronse outros procedentes de Oriente, como cana de azucre, arroz, laranxa, limón, azafrán, algodón e moreira.

Os musulmáns ampliaron a superficie regada coa creación de encoros, canles, pozos e noras; e melloraron o aproveitamento da terra mediante o emprego de fertilizantes e a redución do barbeito. Grazas a iso, aumentou a produción agrícola e diversificouse a alimentación.

O sector primario completábase coa **gandería**, que se centrou na cría de cordeiros, cabalos e vermes de seda; e a **pesca**. A **minería**, explotou principalmente metais como ferro, cobre, chumbo, ouro, prata, mercurio e estaño; pero tamén foron importantes as minas de sal.

O goberno e a administración califal

O poder califal



As coras no século x



AVANZA EN COMPETENCIAS

Manexar conceptos

- 1 Explica que diferenzas existen entre estas parellas de conceptos: a) emir e califa; b) hachib e visir; c) valí e cadí.

Organizar información

- 2 Realiza un esquema sobre as actividades económicas en al-Ándalus.

Buscar información relevante

- 3 Infórmate en Internet sobre os cordobáns e godomecís: orixe, desenvolvemento e situación actual. Resume, despois, a información e expón oralmente ao resto da clase.

As actividades urbanas

As actividades económicas principais das cidades foron a artesanía e o comercio.

- Na **artesanía** fabricáronse tecidos de algodón, liño, seda e brocados. Tamén se realizaron obxectos de cerámica e cristal; traballáronse o marfil, o coiro e a madeira, e fabricouse pergameo, papiro e papel. Este último foi introducido polos musulmáns na Península.
- O **comercio** viuse favorecido pola cuñaxe de moedas de ouro (dinar) e de prata (dirham). O **interior** realizábase nos zocos ou mercados de cada cidade. O **exterior** potenciouse pola situación estratéxica de al-Ándalus entre Europa e África. Os mercadores andalusís venderon por todo o Mediterráneo alimentos, materias primas e os produtos elaborados nas cidades. E trouxeron de Oriente produtos de luxo, como especias; do norte de África, ouro, marfil e escravos negros; e da Europa cristiá, escravos brancos.

Utilizar mapas

4 Observa o mapa do comercio e responde:

- Cales eran os principais artigos de comercio que se fabricaban en al-Andalus?
- Que artigos se traían de fóra? De onde procedían?

O **regadío**, practicado nas hortas periurbanas e nas veigas próximas aos ríos, orixinou unha paisaxe agraria moi característica. En ocasións, o relevo obrigou a realizar socacos ou bancais (1).

Na **gandería** destacou a cría de cordeiros, cabalos e vermes de seda (2).

Os **artesáns** elaboraron produtos de gran calidade. Entre eles destacou o traballo artístico do coiro con repuxados, incisións e calados, que tivo o seu centro en Córdoba (3).

As actividades económicas

A agricultura. O regadío




A gandería. Vermes de seda



A artesanía. O coiro



O comercio. As rutas comerciais



3 A sociedade e a vida cotiá

3.1 A diversidade social

Na sociedade de al-Ándalus conviviron distintos grupos étnicos, relións (islámica, cristiá e xudía) e niveis económicos e de poder. A respecto deste último criterio, distinguíanse dous grupos.

- A **aristocracia** ou **jassa**. Incluía un reducido grupo formado pola familia do califa e os **árabes** conquistadores, uns 50 000. Ocupaban os altos cargos e posuían extensas propiedades.
- A **masa da poboación** ou **amma**. Constituía o resto da sociedade, e incluía os campesiños e os habitantes das cidades. Na súa maioría estaba formada pola antiga poboación hispano-visigoda, que nalgúns casos mantivo a relión e os costumes cristiáns (**mozárabes**); pero, en xeral, acabou adoptando a relión e os costumes musulmáns (**muladí**). A esta maioría sumábase unha minoría integrada polos conquistadores **bérberes**, procedentes do norte de África, polos **xudeus**, e polos **esclavos**, pagáns ou convertidos ao islam.

3.2 As festas e as diversións

As festas principais eran as que celebraban o final do xaxún durante o ramadán, e a festa do cordeiro ao final da peregrinación.

Entre as diversións practicábanse o xadrez e o backgammon, procedentes de Persia; desfiles de cabalos; regatas no Guadalquivir; carreiras de cabalos; competicións de polo; pelexas de animais; retos ou pelexas entre xinetes; a caza e a cetrería; a música e o baile.

3.3 A indumentaria

Os homes cubrían as súas pernas con pantalóns en forma de globo, e as mulleres con bandas de tea. Ambos os dous sexos levaban túnica; calzaban sandalias, babuchas, alpargatas, botíns ou botas altas; e tiñan por costume perfumarse. Os homes levaban turbante e as mulleres, para saír, poñían toucas e tapaban o rostro cun pano.

Os tecidos máis utilizados foron a la, o algodón e o liño. O uso de seda, polo seu carácter luxoso, espertou algunhas controversias.

3.4 A educación

- As **ensinanzas básicas** recibíanse nas escolas coránicas, onde os nenos e as nenas aprendían a ler e escribir, a recitar o Corán, e tamén algunhas nocións de matemáticas e de gramática. A aprendizaxe baseábase na transmisión oral, porque así foran as primeiras ensinanzas de Mahoma.
- O **ensino superior** realizábase nas madrasas ou universidades, cuxo acceso estivo moito máis restrinxido. Nelas estudábase o Corán e outras materias, como historia, filoloxía, matemáticas, astronomía, medicina e filosofía.

O xadrez



O xadrez, de orixe india, chegou a al-Ándalus procedente de Persia, e desde alí difundíuse por Europa.

Considerábase un xogo apropiado para gobernantes e militares, porque permitía practicar estratexias de ataque e de defensa, e analizar os resultados das accións.


AVANZA EN COMPETENCIAS

Argumentar sobre temas

- 1 Por que a sociedade de al-Ándalus era diversa?


Elaborar contidos propios

- 2 Quen integraban a *jassa* e o *amma*? Completa este esquema no teu caderno e explícao.



A indumentaria e o ensino

Homes




No verán, os **homes** vestían camisa de liño ou algodón (gamis), que máis tarde se substituíu por unha túnica branca e cirolas, ou pantalóns lixeiramente en forma de globo nas coxas. No inverno, abrigábanse con zamarras e chalecos de pel e cubrían a cabeza con gorros de la ou turbantes.

As **mulleres** vestían túnicas cinguidas á cintura e envolvían as pernas con bandas de tea. Para saír á rúa abrigábanse cun mantón, cubrían a cabeza cunha touca e tapaban o rostro cun pano.

Mulleres



Enseñanza superior



O **ensino superior** realizouse, primeiro, nas mesquitas e, máis tarde, nas madrasas, edificios construídos ex professo. Estaba só ao alcance dunha minoría privilexiada.

Realizábase en árabe e comprendía un ensino fundamental (Ciencias Relixiosas, Historia e Filoxía) e catro materias complementarias (Matemáticas, Medicina, Astronomía e Filosofía).

Manexar imaxes

- 3 Describe a indumentaria que levan os homes e as mulleres das ilustracións.

Elaborar recursos

- 4 Realiza un esquema sobre o ensino en al-Ándalus.
- 5 A continuación contesta esta pregunta: estaban discriminadas as mulleres? Sexa afirmativa ou negativa a túa resposta, argumentaa copiando a frase do texto informativo na que te baseaches para contestar.

Redactar sínteses Fios compartidos

- 6 Organizados en parellas, descubride en que consisten:
- A festa musulmá do cordeiro.
 - O xogo do xadrez.
 - O backgammon.
 - A cetrería.

Facede un resumo da información e expoñédeo oralmente na clase ao resto de compañeiros e compañeiras. Contestade despois ás súas preguntas.

4 A cultura e a arte califais

4.1 A cultura de al-Ándalus

Al-Ándalus recibiu e difundiu pola Europa cristiá a cultura clásica grega procedente da parte oriental do imperio musulmán. Ademais, durante o califato, converteuse nun importante foco cultural, que alcanzou o seu maior esplendor con Abderramán II e Alhakén II.

Nas **letras** destacou o historiador, filósofo e poeta Ibn Hazm. Nas **ciencias** predominaron as disciplinas prácticas, como a navegación; a astronomía, na que destacou Abulcasim Maslama, e a medicina, onde sobresaíu Abulcasis, autor dun tratado médico moi utilizado en Europa occidental.

4.2 A arte califal

As manifestacións artísticas máis importantes da época califal foron a mesquita de Córdoba e o palacio de Medina Azahara.

- A **mesquita de Córdoba** foise ampliando a medida que crecía a poboación da cidade. O primeiro edificio levantouno **Abderramán I** no ano 785. Despois ampliouse polo seu **frontal** con **Abderramán II** (833) e **Alhakén II** (961). Finalmente, **Almanzor** realizou unha ampliación lateral (987) que duplicou a súa extensión.

A **sala de oración** consta de varias naves, separadas por arcadas dobres formadas por un arco inferior de ferradura e outro superior semicircular para darlle maior altura ao edificio. Sobre os arcos descansa unha cuberta alintelada. Outros elementos destacados desta son a quibla de dobre muro; a maxura ou espazo reservado ao califa, rematada con bóvedas de crucería califal e con ventás; e o mihrab, cunha rica decoración de mosaicos e placas de mármore con motivos vexetais e inscricións.

No **patio** situáronse o minarete, para chamar os fieis á oración; e a fonte, para purificarse antes de entrar a orar.

- A **cidade-palacio de Medina Azahara** foi construída no século x por Abderramán III nos arredores de Córdoba para ser a capital do califato, residencia real e sede do goberno. Estaba rodeada dunha muralla e organizábase en tres terrazas. Na máis alta encontrábase a residencia do califa; na segunda, a zona oficial; e na terceira, a cidade coas vivendas do pobo e dos artesáns.

Novidades técnicas da mesquita de Córdoba

Arcadas



Bóvedas califais



Decoración



A superposición de arcos (A), onde alternan as doelas brancas e vermellas, e a cubrición dalgúns espazos cunha bóveda califal, cuxos nervios nunca se cruzan no centro (B), confírenlle ao interior da mesquita cordobesa un aspecto característico. A decoración é fastosa (C).

AVANZA EN COMPETENCIAS

Sinalar achegas históricas

- 1 Nomea un personaxe destacado das seguintes ramas da cultura e da ciencia: astronomía, poesía, medicina.

Elaborar coñecemento


- 2 Planifica un traballo sobre a vida e a obra de Abulcasis.

Consulta
a biografía histórica

DESTREZA

Manifestacións artísticas

A mesquita de Córdoba. Patrimonio da Humanidade



1. Minarete.
2. Patio das Laranxeiras.
3. Salas de oración.
4. Quibla.
5. Mihrab.
6. Catedral cristiá.

A mesquita comezou a súa construción no 785 e durante dous séculos realizáronse varias ampliacións. En 1238 consagrouse como catedral, e en 1523 iniciouse a obra do templo católico.

Medina Azahara



Segundo os últimos estudos, parece que Abderramán III mandou construír a cidade palacio de Medina Azahara para dar unha imaxe nova ao recién califato independente.

Encóntrase situada aos pés de Serra Morena, a uns oito quilómetros de Córdoba capital.

Analizar obras de arte



Vexo, penso, preguntome

- 3 Observa as ilustracións da mesquita de Córdoba e resolve estas cuestións:
- a) Cantas ampliacións tivo? Quen as realizou e con que motivo?
 - b) Que partes das mesquitas se aprecian? Record a función de cada unha delas.
 - c) Como son os soportes, os arcos e as cubertas?



Os núcleos de resistencia cristiáns (722-1035)

Tras a conquista musulmá, nas áreas montañosas da cordilleira Cantábrica e dos Pireneos, formáronse núcleos cristiáns de resistencia que sostiveron cos musulmáns unha loita coñecida como Reconquista.

5.1 O núcleo cantábrico

O **reino de Asturias** formouse a principios do século VIII na cordilleira Cantábrica. Aquí, os ástures da zona, xunto a refuxiados visigodos dirixidos polo caudillo **Pelaio**, derrotaron os musulmáns en **Covadonga** (722). Os sucesores de Pelaio estableceron a capital en Oviedo (808) e ampliaron o reino que, en tempos de **Alfonso III**, se estendía desde Galicia e a cabeceira do Ebro ata o Douro.

En 914, **Ordoño II** trasladou a capital a León. Así se orixinou o **reino de León**, que tivo que enfrontarse aos ataques musulmáns e ao desexo de independencia do condado de Castela, que en 1030 se incorporou a Pamplona. **Fernando I** herdou pouco máis tarde o condado de **Castela** e converteuno en reino independente (1035). Despois, derrotou o rei de León, Bermudo III (1037), e anexionou o territorio leonés formando o reino de **Castela e León**.



AVANZA EN COMPETENCIAS

Valorar a evolución histórica

- Utilizando a información proporcionada polo texto e os eixes cronolóxicos, realiza estas tarefas:
 - Escribe a evolución histórica de cada núcleo de resistencia, organizando por séculos os seus principais acontecementos.
 - Relaciona os seguintes personaxes co seu correspondente núcleo de resistencia e indica o acontecemento principal que protagonizaron: Sancho III o Maior, Ramiro I, Pelaio, Wifredo o Viloso, Fernando I, Ordoño II.
 - Indica os acontecementos históricos que sucederon nestas datas: 951, 816, 1004, 820, 988.

5.2 Os núcleos pirenaicos

Nos Pireneos constituíronse núcleos de resistencia en Pamplona, Aragón e Cataluña. Estes núcleos tiveron que enfrontarse polo sur aos ataques musulmáns, e polo norte, aos francos.



- O **reino de Pamplona** naceu no Pireneo occidental. Aquí, os vascóns lograron librarse do dominio musulmán e da influencia franca tras a batalla de **Roncesvalles** (778), e iniciaron a súa expansión pola Ríoxa. O reino alcanzou o seu maior esplendor a principios do século XI con **Sancho III o Maior**, que herdou o condado de Aragón e incorporou o de Castela e os territorios de Sobrarbe e Ribagorza. Pero á súa morte, en 1035, dividiu o reino entre os seus fillos; con iso, os condados de Castela e Aragón convertéronse en reinos independentes.
- O **núcleo de Aragón** xurdiu no Pireneo central. Ata o ano 820 estivo dominado polos francos; e logo pasou a depender do reino de Pamplona (940). Pero, tras a morte de Sancho III o Maior, o seu fillo **Ramiro I** herdou o condado e converteuno nun reino independente.
- Os **condados cataláns** xurdiron no Pireneo oriental. Esta zona, na segunda metade do século VIII pasou ás mans dos francos, que formaron con ela a **Marca Hispánica**, unha provincia fronteiriza ao sur dos Pireneos, e dividírona en condados. Na segunda metade do século IX, o conde **Wifredo o Viloso** reuniu os condados (878) e estendeu o seu territorio pola Plana de Vic. Á finais do século X (988) os seus sucesores independendizáronse, de feito, dos francos.

Utilizar mapas 

2 Fíxate no mapa e contesta.

- Que territorios comprendía o reino de Asturias no ano 722? Ata onde se estendera no ano 912? Que relación ten este feito co que sucedeu en 914?
- Onde se situaba o condado de Castela? Descubre de onde provén o nome de Castela e relaciona a explicación coa súa situación xeográfica.
- Que núcleos de resistencia se formaron na área pirenaica? Cales se libraron do dominio dos francos e cales non?

Os estados cristiáns e os seus protagonistas



- Os estados cristiáns a principios do século X.
- O rei Ordoño II (914-924).
- Fernando I (1016-1065).
- O conde Fernán González (910-970).
- Sancho III o Maior (1000-1035).
- Wifredo o Viloso (870-897).

6 A organización dos núcleos de resistencia

6.1 O goberno e a administración

Co tempo, o goberno dos núcleos de resistencia cristiáns pasou dos iniciais xefes tribais a reis hereditarios; ou, no caso catalán, a condes. Neste período, o territorio conquistado aos musulmáns foi escaso, basicamente a conca do Douro, pero fíxose necesaria a súa repoboación, administración e defensa.

- A **repoboación** consistía en instalar nova poboación e poñer en cultivo a terra arrebatada ao islam. O sistema máis utilizado foi a **pre-sura**, é dicir, a ocupación libre da terra por campesiños, mosteiros e nobres, que se convertían así, en propietarios da terra ocupada. Outras veces organizábaa o rei ou o conde mediante **cartas de poboamento**. Estas eran un documento escrito onde se establecían as normas que debían cumprir os novos poboadores, a repartición das terras e os privilexios concedidos aos repoboadores.
- A **administración** do territorio organizouse en distritos arredor de castelos, gobernados por delegados do rei ou do conde. Estes, xunto cos habitantes do distrito, tiñan a obriga de defendelo.

6.2 As actividades económicas. As cidades

- As **actividades agrarias** foron a base da economía. Nas zonas montañosas predominaba a gandería; e nas máis chás, a agricultura de cereais, que utilizaba o barbeito.
- A **artesanía** e o **comercio** foron moi escasos, e concentráronse nas poucas **cidades** existentes. Estas tiveron un tamaño moi reducido en comparación coas musulmás. A maioría eran centros relixiosos, onde residía o bispo, e o lugar onde se celebraba o mercado e se vendían os produtos agrarios da contorna. Co paso do tempo, estes mercados atraeron algúns artesáns (tecedores, zapateiros, carpinteiros, etc.), que se instalaron de forma permanente na cidade.


A principios do século XI, as tres cidades máis importantes do territorio cristián peninsular eran **Santiago**, debido ao auxe adquirido polas peregrinacións; **León**, sede episcopal e da corte real nalgúñas tempadas, e **Barcelona**, onde se situaba o palacio condal.

6.3 A sociedade cristiá

Nas zonas conquistadas aos musulmáns e repoboadas, a sociedade contou con numerosos **campesiños libres**, que eran propietarios da terra que traballaban. Agrupábanse en aldeas, e reuníanse en **concellos abertos** para tratar os asuntos importantes.

Xunto a eles existía un reducido grupo de poderosos formado pola **nobreza**, que repoboou grandes extensións e foi encargada polos reis de administrar e defender o territorio; e polos **abades** dos grandes mosteiros, que tamén desempeñaron un destacado papel na repoboación.

Carta de poboamento de Bilbao



O día 15 de xuño de 1300, o señor de Biscaia, Diego López de Haro, concedeu a carta de poboamento a Bilbao.


O mundo rural



A **agricultura** da época utilizou o arado romano (1), que non permitía realizar labores profundos, outras ferramentas rudimentarias (2), e o sistema de barbeito (3).

Os campesiños (4) vestían saio ata o xeonllo, calzóns anchos, ligaduras nas pernas e botíns; e as campesiñas (5), camisa, faldra longa e botíns. As **vivendas** (6) eran pequenas e míseras.

O mundo urbano



AVANZA EN COMPETENCIAS

Manexar imaxes

- 1 Observa a ilustración do mundo rural e responde: que instrumentos usaban os campesiños para traballar? Que sistema de cultivo empregaban?

Manexar conceptos

- 2 Define os seguintes termos: *repoboación*, *presura*, *carta de poboamento*.

Establecer conexións



Preguntas
provocadoras

- 3 Reflexiona e contesta as cuestións:
a) En que se diferenciaba a economía dos núcleos

cristiáns peninsulares da economía existente en al-Ándalus na mesma época? b) En que se parecían e en que diferenciaban as cidades musulmáns e as cidades cristiáns desta época? c) En que se distinguía a situación do campesiñado nas terras peninsulares repoboadas da situación do campesiñado nos señoríaos feudais europeos? Cal pensas que era o motivo desta diferenza?

Redactar sínteses



- 4 Redacta un texto describindo como era a cidade de León no ano 1000.

7 A arte nos séculos IX e X. O Camiño de Santiago

7.1 A arte prerrománica

Inclúe as manifestacións artísticas cristiás anteriores á chegada do románico á Península. Estas manifestacións son as artes asturiana e mozárabe.

A arte asturiana

Desenvolveuse entre finais do século VIII e principios do século X no reino de Asturias. Os **edificios**, realizados por encarga real, caracterízanse polo emprego de materiais pobres; arcos semicirculares; cuberta de bóveda de canón, que anticipa o románico, e unha decoración interior con pinturas ao fresco e rudas esculturas. Bos exemplos son as igrexas de San Julián de los Prados, San Miguel de Lillo e San Salvador de Valdediós.

En arquitectura civil destaca o palacete de **Santa Maria del Naranco**, de dous pisos, cubertas de bóveda de canón con arcos faixóns, e columnas de fuste sogueado.

Tamén se realizaron **obras de ourivería** en ouro, pedras preciosas e esmaltes, como as cruces dos Anxos e da Vitoria.

A arte mozárabe

Desenvolveuse no século X, nas terras do val do Douro repoboadas por cristiáns procedentes de al-Ándalus.

Neste estilo construíronse **igrexas**, que utilizaron materiais pobres, arcos de ferradura de influencia musulmá e cubertas de madeira ou con bóveda de canón. Entre elas, San Miguel de Escalada (León), San Baudelio de Berlanga (Soria), San Cebrián de Mazote (Valladolid) ou a capela de San Miguel de Celanova (Ourense). Tamén se ilustraron con miniaturas os **beatos**, libros con comentarios ao Apocalipse.

7.2 O inicio do Camiño de Santiago

No ano 813 un ermitán descubriu en Galicia unha tumba que se identificou coa do apóstolo Santiago. Pronto, e potenciadas polos reis e a Igrexa, organizáronse peregrinacións á tumba para facer penitencia polos pecados ou para agradecer favores divinos.

O tamén chamado **Camiño Francés** ou **Ruta Xacobe**a (Xacobe = Santiago), constaba de catro rutas que se iniciaban en Francia. Tres delas cruzaban os Pireneos por Roncesvalles, e outra por Somport. As catro uníanse pouco antes de Puente la Reina, e desde aí, o itinerario principal percorría, entre outras localidades, por Logroño, Burgos, León, Ponferrada e Vilafranca do Bierzo.

O Camiño de Santiago foi, non obstante, moito máis que unha ruta relixiosa. Co tempo, a peregrinación favoreceu o desenvolvemento da artesanía e do comercio para atender as necesidades dos peregrinos; impulsou o florecemento das cidades; propiciou a construción de pontes, hospedaxes, hospitais, mosteiros e igrexas, e impulsou os intercambios culturais con Europa.

AVANZA EN COMPETENCIAS

Analizar estilos

- 1 Identifica nas ilustracións os elementos arquitectónicos propios da arte prerrománica asturiana e da mozárabe. Compáraos e indica as diferenzas.
- 2 Consigue unha imaxe dunha obra de arte asturiana e doutra mozárabe, e redacta dous pés. Deben incluír nome, cronoloxía, localización e trazos principais.

Coñecer a arte

- 3 Consigue en Internet a imaxe dun beato mozárabe e elixe só o termo que o define das seguintes parellas de termos: realista/expresivo; figuras planas/volumétricas; profundidade espacial/planitude espacial; cores matizadas pola luz/cores planas; temática relixiosa/temática mitolóxica.

Utilizar mapas

- 4 Utilizando o mapa da páxina seguinte, nomea as provincias españolas actuais polas que pasaba o itinerario principal do Camiño de Santiago.

Elaborar contidos propios

- 5 Infórmate sobre o descubrimento da tumba do apóstolo e escribe un resumo no teu caderno.

A diversidade do prerrománico


Asturiano. San Miguel de Lillo



Mozárabe. San Cebrián de Mazote



O Camiño de Santiago



Os peregrinos adoitan viaxar en grupo e levaban un **atavío** característico (A).

Alguns usaban como guía o **Codex Calixtinus**, un código composto por cinco libros, escrito no século XII e atribuído a Aymeric Picaud, que acompañou ao papa Calixto II na súa peregrinación a Santiago no ano 1109.

O Libro V é unha guía para o peregrino, que presenta a ruta da viaxe e describe a cidade de Santiago e a súa catedral.

A arte románica peninsular

8.1 A variedade da arquitectónica románica

A arte románica chegou á península ibérica procedente do outro lado dos Pireneos. Desenvolveuse nos reinos cristiáns peninsulares entre os séculos XI e XII e, dentro da unidade do estilo, presenta certas diferenzas duns lugares a outros.

Esta diversidade leva a distinguir dúas grandes escolas: a catalá e a castelá-aragonesa.

A escola catalá

Corresponde aos inicios do estilo, a finais do século X. Estivo vinculada á arquitectura lombarda, difundida por cuadrillas itinerantes de canteiros lombardos, cuxa influencia se reflicte no uso de arcos cegos que decoran as cornixas e os corpos das torres; e ao patrocinio do abade Oliva desde o mosteiro de Ripoll.

Os exemplos máis destacados son do século XI e principios do XII, caso de igrexas como as de San Clemente e Santa María de Tahull, ambas as dúas en Lleida; e de mosteiros, como San Pedro de Roda e Santa María de Ripoll, ambos os dous na provincia de Girona.

A escola castelá-aragonesa

Estivo vinculada ao románico francés, á orde de Cluny, e ás peregrinacións e ao Camiño de Santiago. As súas características distintivas son a utilización de pedras regulares, o uso de bóvedas sostidas por arcos faixóns e a plena incorporación da escultura e da pintura ao edificio.

Os edificios máis notables son a catedral de Jaca, en Huesca; o mosteiro de Santa María de Sangüesa, en Navarra; as igrexas de San Martín de Frómista, en Palencia, e de San Isidoro de León; a colexiata de Toro, en Zamora; e, sobre todo, a catedral de Santiago de Compostela.

A catedral de Santiago foi o maior templo da España cristiá e é o mellor exemplo das chamadas igrexas de peregrinación. A súa construción, iniciada en 1075, atraeu moitos traballadores, especialmente a canteiros organizados e dirixidos por importantes mestres.

8.2 A escultura e a pintura románicas


A escultura románica desenvolveuse especialmente nos edificios relixiosos vinculados ao **Camiño de Santiago**. A técnica empregada foi fundamentalmente o relevo, que se concentrou nos **capiteis** e nas **portadas** das igrexas. Os exemplos máis sobresaíntes encóntranse en Jaca, Sangüesa, León, Santo Domingo de Silos e, sobre todo, en Santiago de Compostela na Porta de Praterías e no Pórtico da Gloria.

A pintura mural cubría o interior dos templos románicos mediante a **técnica do fresco**, e ten entre as súas principais obras as **ábsidas** de San Clemente e Santa María **de Tahull** (Lleida), da escola catalá, e o panteón real de **San Isidoro de León**, da escola castelá-leonesa.

O foco catalán. Arquitectura



Santa María de Tahull.



Mosteiro de San Pedro de Roda.

No apartado «Aplica as competencias» tes a proba: Badaladas.

AVANZA EN COMPETENCIAS

Coñecer a arte  **Análise asociativa**


- 1 Le o texto, observa as ilustracións superiores e responde esta pregunta: cales son os trazos distintivos da arquitectura románica catalá?

O foco castelán-aragonés. San Martín de Frómista



A escultura e a pintura románicas

Porta das Praterías da catedral de Santiago



O panteón real de San Isidoro



Buscar información relevante

- 2 Obtén de Internet imaxes de edificios significativos do románico castelán-aragonés. A continuación, sitúaos nun mapa da península.

Analizar obras de arte

- 3 Infórmate sobre o Pórtico da Gloria da catedral de Santiago de Compostela e sobre o panteón real de San Isidoro de León. Precisa a súa cronoloxía e temática.

Galicia entre os séculos VIII e XI

9.1 O reino de Galicia

A presenza dos conquistadores musulmáns en Galicia foi moi escasa e limitada no tempo. A mediados do século VIII o rei Alfonso I de Asturias establecera xa a fronteira bélica no río Douro, dando comezo a un **proceso de integración de Galicia na monarquía ástur-leonesa**. Para os monarcas asturianos, o Reino de Galicia representaba un referente de continuidade co pasado, ademais dunha formidable retagarda nas loitas contra os musulmáns.

Galicia era gobernada por un conde (*comes Gallaeciae*), que representaba o monarca, aínda que os nobres, abades e bispos gozaban de moita autonomía. Incluso en diversas ocasións, Galicia foi gobernada por **monarcas propios**, ás veces soberanos, e outras veces asociados aos reis ástur-leoneses: Ordoño (910-914), Sancho (926-929), Bermudo (981-985), García (1065-1071) e Afonso Reimúndez (1111-1126).

9.2 A sociedade da Galicia feudal

A conquista musulmá non supuxo unha ruptura da organización social e territorial en Galicia, que seguía baseada nas antigas *villae* de tradición romano-xermánica. A **vila** foi, polo tanto, a estrutura básica do medio rural, e converteuse en **sinónimo de aldea** como lugar de residencia da poboación.

Ademais, a inseguridade debida ás guerras e ás expedicións de saqueo dos normandos, xunto coa chegada de nobres visigodos desde o sur, propiciaron a aparición dun estamento privilexiado de terratenentes, formado pola nobreza e polo clero, para os que traballaban numerosos servos. A vida desenvolvíase arredor dos castelos e mosteiros, estes últimos decisivos na vida económica e cultural de Galicia.

9.3 O románico en Galicia

A arte románica chegou a Galicia ao final do século XII, cun **atraso importante respecto doutras zonas** de Europa e da península ibérica. Hai poucos exemplos de igrexas románicas neste século: Santo Antolín de Toques, San Xoán de Vilanova e San Martiño de Mondoñedo, ademais do comezo da catedral de Santiago de Compostela en 1075 por encargo do arcebispo Diego Peláez. Foi sobre todo no século XII, co arcebispado de **Diego Xelmírez** a partir de 1120, cando se impulsou a **construción da catedral e a difusión do románico en Galicia**.

A gran catedral compostelá atraeu a importantes mestres de obras, como o mestre Estevo, autor da **porta de Praterías**, e o mestre Mateo, autor do **Pórtico da Gloria**, obra cume da escultura románica.

Consta de tres naves e tribuna para albergar aos peregrinos e é un dos mellores exemplos de **igreja de peregrinación**, con naves laterais que se prolongan ata a cabeceira e dan lugar a un **deambulatorio** arredor do altar maior polo que podían circular os fieis. Ten, ademais, numerosas capelas laterais.

O Románico en Galicia



Iglesia de San Martiño de Mondoñedo (Lugo).

AVANZA EN COMPETENCIAS

Establecer relacións

- 1 Por que lle daban importancia os monarcas asturianos ao Reino de Galicia?

Identificar procesos históricos


- 2 Como foi a organización social en Galicia neste período histórico?

Comprender o feito histórico


- 3 Infórmate sobre a porta de Praterías e sobre o Pórtico da Gloria da catedral de Santiago. Precisa a súa cronoloxía e temática.

Catedral de Santiago de Compostela

Reconstrución da época medieval




Interior



Vista da nave central da catedral.

Exterior



Porta de Praterías, fachada sur da catedral.